

O CHAN E O INODORO NON SON CONTEDORES DE LIXO

Non só xeramos a diario moito lixo, senón que este atópase conformado por múltiples materiais aos que debemos prestar atención para depositalos no contedor correspondente e proceder á súa reciclaxe ou correcta eliminación.

Non obstante, **SOGAMA** advirte que hai refugallos que, polo seu pequeno tamaño ou aspecto inofensivo, acabamos subestimando, arroxándoos ao chan ou ao inodoro coa **falsa crenza de que, máis cedo que tarde, acabarán por desaparecer**. A realidade é que non só non desaparecen, senón que traen consigo un negativo impacto para o medio ambiente e a saúde.

É o caso, entre outros, de cabichas, chicles, toallitas húmidas e bastoncillos de algodón. Tomar conciencia de que, lonxe de ser inocuos, son altamente contaminantes cando non se xestionan de forma axeitada e acaban arroxados ao chan ou ao inodoro, **constitúe o primeiro paso a seguir**.



CABICHAS

Dos 6 trillóns de cigarrillos consumidos no mundo, ao redor de 4,5 millóns acaban na contorna, constituíndo as cabichas a

primeira fonte de lixo mundial, ata por diante dos envases de alimentos, botellas e bolsas plásticas.

O seu alto poder contaminante atópase concentra-

do no filtro, deseñado precisamente para acumular os **compoñentes tóxicos do tabaco**, incluíndo as sustancias químicas máis nocivas, que son liberadas en contacto coa



auga, tendo efectos devastadores sobre o medio ambiente.



Ademais, o seu contido en arsénico, un metal pesado bioacumulable que é facilmente absorbi-do polas plantas, resulta tamén **altamente prexu-dicial para a fauna**, sobre todo aves e peixes, e por suposto para a saúde pública.



Existen liñas de investiga-ción orientadas cara á creación de filtros biode-gradables, o uso de fungos para asimilar as sustancias tóxicas dos

cigarros e a reciclaxe de cabichas como material absorbente de son.

Namentres, e á espera de que os estudos sigan avanzando, **as cabichas deben ser depositadas en cinzeiros** e recipientes axeitados para que poidan ser eliminadas correctamente, evitando que acaben no chan, dado o difícil, laborioso e custoso que, para os ope-rarios municipais, resulta recollelas, sendo estes os primeiros sufridores desta mala praxe cidadá.

CHICLES

Cada ano gástanse no mundo miles de millóns de euros en gomas de mascar, terminando unha boa parte delas pegadas ao chan. A base de goma coa que se fabrican os chicles está formada por **polímeros sintéticos e**

non é degradable, resul-tando difícil de limpar e eliminar polo seu elevado poder de adherencia. Pero non se trata tan só dun problema estético, xa que os chicles albergan ata 50.000 bacterias, **po-dendo converterse nunha ameaza para a saúde**.



Para retirar os chicles do chan, os servizos de lim-peza necesitan utilizar ferramentas especiais tales como pistolas de auga a presión ou máqui-nas rotativas que, median-te a aplicación de produ-tos especiais e a través dun proceso de erosión, acaban despegándoos.



Científicos de Islandia levaron a cabo unha investiga-



ción a través da cal revelaron que se consumen máis de **100.000 toneladas de chicle cada ano** e que o 95% acaba contaminando as rúas das cidades.

A innovación tamén estase a facer un oco neste sector e xa se fala de chicles ecolóxicos nos que a goma base ten un compoñente natural.

TOALLITAS HÚMIDAS

Xamais deben arroxarse ao inodoro. Trátase dun material en auxe e de consumo masivo. Unha vez que as toallitas teñen cumprida a

súa función, tíranse directamente ao WC, **orixinando graves problemas nas redes de saneamento.**

Convértense nunha masa que atrae outros residuos, agrupándose en forma de grandes madeixas de fibras. Isto é así porque a toallita é un téxtil, non unha celulosa, **e non se dissolve na auga como o fai o papel hixiénico**, senón que se desagrega en fibras.

Os quebradizos de cabeza que as toallitas húmidas ocasionan aos concellos obrígalles en moitos casos a incrementar a frecuencia de limpeza e a investir importantes sumas de diñeiro en tecnoloxías,

facéndose necesarios equipos de bombeo de maior potencia capaces de soportar a entrada deste material.



O custo económico de arroxar as toallitas ao inodoro en lugar de ao cubo de lixo é moi elevado. A Asociación Española de Abastecemento de Auga (AES) estima entre 3 e 6 euros por persoa e ano (ao redor de 200 millóns de euros en España).

A Asociación Nacional de Perfumería e Cosmética (Stanpa), que aglutina aos principais fabricantes de toallitas e papel hixiénico húmido, presentou o pasado 22 de marzo, no marco do Día Mundial da Auga, unha serie de medidas a través das cales se pretende mellorar a avaliación técnica dos artigos e a propia información dispensada ao consumidor sobre a forma correcta de refugar




estes produtos para evitar o seu negativo impacto sobre o medio ambiente. Entre as devanditas medidas atópase o “Código de Boas Prácticas de etiquetado de Toallitas e Papel Hixiénico Húmido”.

Co fin de dar unha resposta efectiva a esta problemática, a Asociación Española de Normalización (UNE), publicou en febreiro a Norma 149002:2019 sobre produtos desbotables no inodoro.

BASTONCILLOS DE ALGODÓN

Os bastoncillos de algodón, do mesmo xeito que os pratos, cubertos e pajitas de plástico dun só uso, **quedarán prohibidos na Unión Europea a partir do ano 2021**. Así o aprobou no seu momento o Pleno do Parlamento tralo acordo alcanzado co Consello da UE. Estes produtos aglutinan o 70% do lixo mariño.

Segundo a Marine Conservation Society (MCS), os bastoncillos para os oídos, conformados por un paño estreito de plástico con dúas pezas de algodón nos extremos,



representa o 60% do lixo de orixe humana que se libera en augas residuais.

O costume arraigado de tiralos ao inodoro logo de utilizalos constitúe a orixe do problema. Pasan facilmente polos filtros utilizados nas depuradoras debido a que son pequenos e estreitos, e inevita-

blemente chegan ao mar, orixinando un negativo impacto para os océanos. Desde que arroxamos o bastoncillo ao inodoro ata que se degrada

por completo, poden chegar a transcorrer 300 anos.

Os bastoncillos de bambú e algodón orgánico, 100% biodegradables, poden ser unha alternativa.

SOGAMA recorda que as papeleiras e os contedores da fracción resto son os lugares que deben acoller ás cabichas, os chicles, as toallitas e os bastoncillos de algodón.

Nin un só residuo arroxado á contorna. Fagámolo fácil. Pequenos xestos cun gran beneficio para todos.

